

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A SECRETARIA XERAL DA PRESIDENCIA E O CONCELLO DE FOZ PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “A MARIÑA VIRTUAL”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia, xunto coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a Secretaría Xeral da Presidencia formalizou co concello de Foz o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, AGADER e o concello de Foz para a realización do proxecto “A Mariña Virtual”, que contará cun centro integral de turismo da Mariña Lucense, onde a través dunha visualización tridimensional interactiva presentarase o territorio ao visitante dunha maneira detallada e ordenada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.



Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Por outra parte, os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios.

Terceiro.- O proxecto “A Mariña Virtual” permitirá coñecer a zona que se visita e na que se vive, con experiencias únicas para os sentidos. Coñecerase dende o aire, interactuarase con personaxes históricos, viaxarase polo tempo e a historia, reconstruírse a idea que se ten dun destino turístico dunha maneira integral, lúdica, divertida e sensorial; en definitiva, virtual, a través de tecnoloxías avanzadas de realidade aumentada, montaxes 3D, videograbación inmersiva e realidade virtual.

Este proxecto constitúe unha iniciativa de relevancia para a oferta turística galega e para o impulso da mellora económica do sector e da zona.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Foz unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

